



Manuel Bautís Cheda, Secretario do Consello de Administración do Ente Público Portos de Galicia- Consellería do Mar-Xunta de Galicia,

CERTIFICA:

Que o día 30 de xullo de 2013 reunéuse en sesión celebrada en segunda convocatoria o Consello de Administración do Ente Público Portos de Galicia, e adoptou entre outros, o seguinte acordo:

Por unanimidade dos membros asistentes presentes, e xunto coas delegacións de voto efectuadas, acordase a aprobación, polo Consello de administración da adaptación das referencias legais do Prego de condicións xerais polas que se rexerán as actividades comerciais de posta a disposición de medios mecánicos (grúas, basculas, cintas e outros) en portos e instalacións portuarias da Comunidade Autónoma de Galicia.

O que se fai constar co visto e prace do Presidente do Consello, en Santiago de Compostela a 30 de xullo de 2013, acordo cos artigos 18.3 e 20.5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como co artigo 25.3.f) da Lei 30/1992, do 26 de Novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro facéndose referencia á circunstancia de que a acta da sesión de referencia esta pendente de aprobación.

Vº E PRACE

O PRESIDENTE,



O SECRETARIO,





PREGO DE CONDICIÓNNS XERAIS POLAS QUE SE REXERÁN AS ACTIVIDADES COMERCIAIS DE POSTA A DISPOSICIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS (GRÚAS, BÁSCULAS, CINTAS, E OUTROS) EN PORTOS E INSTALACIÓNNS PORTUARIAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

Disposicións xerais.

1ª.- O presente prego será de aplicación á prestación, en réxime de libre concorrencia, das actividades inherentes á posta a disposición e o manexo dos medios mecánicos que se citan no encabezado deste prego ou outros que eventualmente se poidan prestar, no ámbito territorial dos portos e instalaciónns portuarias competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, coas modificacións que se poidan producir no futuro e con inclusión de tódolos espazos e instalaciónns que se xestionen en concesión.

O presente prego apróbase ao amparo da Lei 5/1994, do 29 de novembro de creación do ente público Portos de Galicia e do seu Regulamento e da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

No non disposto no prego de condicións xerais e nas condicións particulares, que de ser o caso se establezan, será de aplicación a citada normativa autonómica e o regulamento de servizo e policía dos portos aprobado por O.M. do 12 de xuño de 1976.

No non previsto no prego e na normativa citada será de aplicación a lexislación estatal aplicable na materia, en todo aquilo que non sexa incompatible coa lexislación autonómica.

2ª.- O presente prego de condicións xerais regula a actividade das persoas físicas ou xurídicas que desenvolvan a actividade de manexo e posta a disposición de medios mecánicos aos usuarios que así o requiran cunha finalidade comercial, e no ámbito territorial que se define na anterior condición 1ª.

As normas reguladoras deste prego, coas particularidades nel previstas, serán igualmente de aplicación a todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que empreguen e teñan a súa disposición medios mecánicos da índole dos que son obxecto de regulación neste prego, sempre que a actividade inherente aos mesmos non se atope xa debidamente autorizada en virtude doutro título outorgado polo ente público Portos de Galicia.

O desenvolvemento das actividades previstas neste prego requirirá estar debidamente autorizado por Portos de Galicia.

O outorgamento desta autorización non exime ao seu titular de estar en posesión das licencias, permisos e autorizacións esixidas legalmente en cada momento para o desenvolvemento da actividade.

A perda por calquera causa das pertinentes licencias, permisos e autorizacións, será causa de extinción da autorización.

Queda excluído do ámbito de aplicación deste prego o servizo consistente na posta a disposición por Portos de Galicia de guindastres e de básculas para aqueles usuarios que o soliciten, que será obxecto de regulación polas normas específicas das tarifas E-1 e E-4 recollidas na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de Taxas, Prezos e Exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

3ª.- As actividades autorizadas en virtude do presente prego son, con carácter de exclusividade, as derivadas do manexo e posta a disposición dos medios mecánicos para os que se solicite autorización cun uso e finalidade portuarias, e cos requisitos técnicos, ambientais, de



seguridade e calidad que se establezan neste prego e en xeral na normativa particular que sexa de aplicación.

Portos de Galicia non se obriga co outorgamento desta autorización a subministrar ningún dos medios materiais que sexan precisos para o desenvolvemento das actividades que se enumeran nos anteriores parágrafos.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo que antecede, as autorizacóns outorgadas por medio do presente prego, poderán ter por finalidade o manexo en exclusiva de medios mecánicos que sexan propiedade o figuren adscritas a nome de Portos de Galicia ou ben doutra Administración que ostente competencias na materia.

4ª.- O titular da autorización virá obrigado a cumplir as disposicións vixentes ou que no sucesivo se diten, que afecten ao dominio público utilizado e ás actividades que no mesmo se desenvolvan.

5ª.- O exercicio das actividades previstas neste prego poderá implicar a necesidade de contar co correspondente título de ocupación do dominio público portuario. Neste caso a autorización de actividade entenderase incorporada no correspondente título de ocupación, sen prexuízo da esixencia das taxas que, de ser o caso, procedan por ámbolos dous conceptos.

Outorgamento.

6ª.- Para o exercicio das actividades que son obxecto de regulación neste prego, deberá de obterse a preceptiva autorización que será outorgada por Portos de Galicia.

7ª.- A presente autorización outórgase de maneira específica para o exercicio das actividades que se mencionan na anterior condición 3ª.

8ª.- Poderán ser titulares de autorizacóns as persoas físicas ou xurídicas, españolas, doutros países da Unión Europea ou de terceiros países, condicionadas estas últimas á proba de reciprocidade, agás nos supostos en que os compromisos da Unión Europea coa Organización Mundial do Comercio non esixa o dito requisito, que non estean incursas en causas de incompatibilidade ou de prohibición para contratar coa Administración.

Os solicitantes deberán formular a correspondente solicitude ante Portos de Galicia, acompañando os seguintes documentos:

a) Acreditación da personalidade do solicitante ou, no seu caso, dos partícipes na comunidade ou entidade sen personalidade xurídica.

A personalidade dos solicitantes acreditarase:

1. Solicitante persoa física:

- DNI-NIF.

2. Solicitante persoa xurídica:

- Escritura de constitución, e, de ser o caso, de modificación, inscritas no rexistro mercantil cando este requisito sexa esixible conforme á lexislación mercantil que sexa de aplicación. Se non o fora, se presentará escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade.



- CIF.

- DNI da persoa asinante da solicitude xunto co poder de representación debidamente bastanteado por letrado da Asesoría Xurídica Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, do Estado ou doutra Comunidade Autónoma.

3. Tódolos solicitantes facilitarán domicilio, número de teléfono e FAX.

b) Xustificantes que acrediten atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda Estatal, de non ter débedas coa Comunidade Autónoma de Galicia e de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

As circunstancias mencionadas acreditaranse coa presentación de certificacións administrativas expedidas respectivamente, pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Tesourería Xeral da Seguridade Social.

d) De ser o caso, xustificación de estar inscrito no Censo da actividade que se requira e que xustifique a posta a disposición do medio mecánico de que se trate.

e) Descripción da actividade a desenvolver, mencionando:

1. Natureza da actividade que vaise a desenvolver, aclarando expresamente se vai a ter carácter comercial ou non.

2. Porto ou portos nos que se pretende desenvolver a actividade.

3. tipo e clase de medio mecánico co que se pretende desenvolver a actividade.

4. Actividades concretas que, ao abeiro do establecido na condición 3ª deste prego vanse a desenvolver.

5. Plan de organización das actividades con expresa indicación dos medios humanos e materiais cos que conta. Especificarase o persoal adscrito con carácter fixo e o eventual que se utilice en períodos de máxima actividade, así como a titulación, competencia e experiencia dos ditos medios humanos na prestación destes servizos.

6. De ser o caso, proxecto básico correspondente á instalación da acometida de suministro de enerxía eléctrica para o medio mecánico, agás que esta instalación xa estea dispoñible.

f) Cando o obxecto da autorización sexa a posta a disposición dun medio mecánico con finalidade comercial: Información económico-financiera da actividade a desenvolver, que deberá incluír, cando menos, e sen prexuízo doutros requisitos que en función do tipo de actividade solicite Portos de Galicia, a previsión xustificada do importe neto anual da cifra de negocio, entendendo como tal a contía que alcanzará a facturación total do solicitante nun ano de actividade.

g) Descripción o mais detallada posible do sistema de prevención de riscos laborais da empresa.

h) Plan de emerxencias aplicable ao desenvolvemento da súa actividade e de continxencias medioambientais.

i) .- Prazo polo que se solicita a autorización.

j) Compromiso de notificar inmediatamente a Portos de Galicia, calquera modificación que afecte aos apartados anteriores e se produza con posterioridade á solicitude de autorización.



k) Declaración expresa de coñecer e aceptar o condicionado do prego de bases, así como, no seu caso, as condicións particulares que se establezan polos servizos técnicos competentes de Portos de Galicia.

l) Calquera outro requisito que Portos de Galicia considere oportuno solicitar en cada caso particular.

A relación de documentación que queda reseñada nesta condición, poderá ser obxecto de modificación para cada caso particular a criterio dos técnicos responsables de Portos de Galicia, simplificándoa ou mesmo incorporando outra documentación a maiores da que queda enumerada. Da mesma maneira, aquelas persoas físicas ou xurídicas que ostentaran a condición de titulares doutras autorizacións ou concesións outorgadas por Portos de Galicia, poderán non aportar aquela documentación que xa figurara incorporada nos títulos respectivos.

9ª.- As autorizacións para o desenvolvemento das actividades reguladas neste prego poderán solicitarse en calquera momento. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral de Portos de Galicia sito en Area central, Praza de Europa, 5-A, 6º, 15.707, Santiago de Compostela, e irán dirixidas ao Presidente de Portos de Galicia. Poderán tamén presentarse nos Rexistros correspondentes ás Zonas Norte (Lugo), Centro (Coruña) e Sur (Pontevedra) de Portos de Galicia, ou por calquera outros medios admitidos na Lei de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

De estimalo preciso, Portos de Galicia poderá proceder a efectuar convocatorias públicas ás que daráselle publicidade por medio da súa inserción no Diario Oficial de Galicia para o outorgamento destas autorizacións, que neste caso suxeitaranse aos requisitos que figuren no anuncio e nas bases da convocatoria pública.

Aquelhas persoas físicas ou xurídicas que na data de aprobación do presente prego estean a desenvolver as actividades obxecto de regulación neste prego nalgún dos portos ou instalacións suxeitos ao seu ámbito de aplicación de maneira illada e independente ou ben integradas noutra explotación autorizada, e que teñan a intención de continuar con esta actividade, adaptaranse, para os efectos de presentar a súa solicitude e obter a preceptiva autorización, ao establecido na Disposición Final 4ª deste prego.

10ª.- Estas autorizacións serán outorgadas pola Presidencia de Portos de Galicia a proposta da Dirección, e con suxeición ás condicións xerais previstas neste prego e ás particulares que se establezan polos servizos técnicos competentes de Portos de Galicia, documentos que formarán parte e se integrarán na resolución de outorgamento da autorización, para o que deberán ser expresa e previamente aceptados.

Aos efectos do outorgamento, e no caso de que se celebrara unha convocatoria pública previa, atenderase aos criterios obxectivos que figuren nas bases da convocatoria.

Os acordos tanto de autorización como de denegación deberán de ser motivados, reservándose en calquera caso Portos de Galicia a facultade discrecional de rexeitar solicitudes ou modificar sensiblemente o seu contido, cando razóns estritas de explotación portuaria fagan imposible outorgar unha autorización ou motiven o seu outorgamento baixo condicións distintas das solicitadas.

11ª.- O prazo máximo de vixencia das autorizacións para a realización das actividades reguladas neste prego será de 5 anos prorrogables por períodos da mesma duración ata un máximo de 15 anos.

As prórrogas serán concedidas de maneira discrecional por Portos de Galicia, e requirirán a solicitude polo seu titular no semestre anterior á expiración do prazo da autorización, e a previa



acreditación do cumprimento dos requisitos previstos na normativa de aplicación, no prego regulador e nas condicións particulares que de ser o caso se establezan polos servizos técnicos competentes.

Cando a autorización para o desenvolvemento da actividade estea vinculada á condición de titular dun permiso, autorización ou concesión outorgada por esta ou por outra Administración, o prazo da autorización será o mesmo que o previsto para o título ao que se vincula.

12ª.- A fin de garantir ante Portos de Galicia o cumprimento das obrigas derivadas das actividades reguladas neste prego, os solicitantes deberán de constituir unha garantía en metálico, valores públicos ou privados, aval ou seguro de caución por un importe máximo de 12.000 euros.

As garantías constituíanse nun prazo máximo de quince días a contar dende a notificación da resolución de outorgamento da autorización, e estarán a disposición do Presidente de Portos de Galicia, sendo preciso o seu depósito na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Economía e Facenda.

A eficacia desta resolución quedará supeditada á constitución e depósito da garantía no prazo sinalado, quedando en caso contrario revogada de maneira automática e sen necesidade dun tramite ulterior.

A garantía depositada responderá de tódalas obrigas derivadas desta autorización, incluídas as medioambientais, e igualmente das sancións administrativas que sexan consecuencia do desenvolvemento da actividade.

Extinguida a autorización para o desenvolvemento da actividade nos supostos previstos na condición 36^{aa}, procederá á cancelación e devolución da garantía, unha vez realizado o pago das liquidacións pendentes, e sempre que non proceda unha incautación total ou parcial por incumprimento do titular.

13ª.- O incumprimento das obrigas económicas polo titular da autorización obrigado ó aboamento das liquidacións, e as responsabilidades de calquera outra índole en que poida incorrer e que permitan unha execución pecuniaria, habilitarán a execución ou disposición inmediata da garantía constituída.

Cando por aplicación do disposto no parágrafo anterior, Portos de Galicia tivera que dispoñer da garantía, total ou parcialmente, o titular da autorización virá obrigado a repoñela ou completala nun prazo dun mes, contado dende o acto de disposición. O incumprimento desta obriga, será causa de caducidade da autorización.

Durante o período que transcorra sen restituír ou completar a garantía fixada, Portos de Galicia, co obxecto de garantir o aboamento das taxas e tarifas polos servizos que se presenten no ámbito da súa competencia, poderá esixir o seu depósito previo.

Taxas e gastos,

14ª.- Taxa polo desenvolvemento da actividade.

Esta taxa será de aplicación exclusiva a aquelas persoas físicas ou xurídicas que desenvolvan a actividade de posta a disposición de medios mecánicos con carácter comercial.



O titular da autorización aboará por este concepto a taxa anual correspondente conforme ó Anexo 3, Taxas por servizos profesionais, Clave 99, Tarifas portuarias aplicables nos portos e instalacións competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, taxa 03 – tarifas portuarias polo exercicio de actividades comerciais, industriais ou de servizos da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

A contía concreta da taxa será a especificada nas condicións particulares da autorización, e resultará da aplicación duna porcentaxe sobre o volume de facturación e de negocio anual desenvolvo no porto.

O devengo da taxa producirase no momento da notificación do outorgamento da autorización de actividade ou, de ser o caso, da concesión ou autorización de ocupación do dominio público portuario respecto do ano en curso; nembargante, no suposto de que por execución de obras ou outras causas xustificadas se producira unha demora no inicio da actividade, o devengo da taxa non se producirá ata o momento no que esta se inicie. Nos anos sucesivos o devengo producirase o 1 de xaneiro.

Significar que, ao abeiro do establecido no apartado 3º da taxa 03 da Lei 6/2003, a cota da taxa que figure nas condicións particulares poderá ser modificada, e neste senso queda supeditada á que se fixe por decreto por proposta da Consellería competente e logo de informe da Consellería competente en materia de Facenda, de xeito que poderá ser reliquidada pola diferenza resultante dende o inicio da vixencia da autorización de conformidade cos termos que resulten do devandito decreto.

Os períodos concretos de liquidación serán os especificados nas condicións particulares do título e non poderán exceder dun ano.

No valor da taxa non está incluído o IVE, debendo aplicarse ao dito valor os tipos impositivos vixentes en cada momento.

Independentemente de que a garantía depositada responde do aboamento da taxa, Portos de Galicia poderá utilizar para o seu cobro o procedemento administrativo de constrinximento, de conformidade co artigo 20 da lei 5/1994, de creación do ente público Portos de Galicia.

15º.- No suposto de que o exercicio das actividades previstas neste prego poderá implicar a necesidade de contar co correspondente título de ocupación do dominio público portuario, a autorización de actividade entenderase incorporada no correspondente título de ocupación, sen prexuízo da esixencia das taxas que procedan por ámbolos dous conceptos.

16º.- Serán da conta do titular da autorización o aboamento dos impostos, arbitrios ou taxas legalmente establecidas que sexan de aplicación, e tódolos gastos que ocasionen o desenvolvemento da actividade. En particular, estará obrigado a fazer fronte á repercusión da parte da cota líquida do imposto de bens immobles aplicable ao ben demanial ou patrimonial do que o titular da autorización faga uso con motivo da autorización outorgada; segundo se establece no artigo 63. 2. segundo parágrafo, do Real Decreto Lexistativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se regula o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. A tal efecto, Portos de Galicia determinará a cota repérducible en razón a parte do valor catastral que corresponda á superficie utilizada e á construcción directamente vinculada.

Sen esquecer que o titular da autorización virá obrigado a sufragar os custos correspondentes á instalación da acometida de suministro de enerxía eléctrica, agás que esta instalación xa estea dispoñible.



Sobre condicións esixibles para o desenvolvemento da actividade.

17ª.- A organización e dirección dos traballos que integran a actividade de posta a disposición e manexo de medios mecánicos é responsabilidade exclusiva do titular da autorización, que observará no desenvolvemento das súas actividades todo o que sinala o regulamento do servizo, policía e réxime dos portos, as regras de aplicación previstas na normativa tarifaria vixente, e as normas de explotación e instrucións que, tanto de un modo xeral como específico, dite Portos de Galicia.

18ª.- A organización e dirección dos traballos regulados no presente prego, é da responsabilidade exclusiva do titular autorizado, que responderá dos danos e prexuízos, e asumirá cantas responsabilidades lle poidan corresponder fronte á Administración ou terceiros afectados polo desenvolvemento das operacións obxecto desta actividade, e que sexan consecuencia das súas propias actuacións, tanto por acción como por omisión.

En canto á responsabilidade en materia sancionadora, e en defecto de lexislación autonómica propia, estarase ao establecido no artigo 31º da LPFMM.

19ª.- Os titulares das autorizacións para responder dos danos e prexuízos ocasionados polas súas propias accións ou omisións, estarán obrigados a concertar un seguro por danos ocasionados á Administración ou a outros terceiros e responsabilidade civil cunha cobertura por sinistro que non excederá de 600.000 €, no prazo máximo dun mes a contar desde a notificación da resolución de autorización, o que deberá acreditarse ante Portos de Galicia mediante a presentación dunha copia da póliza e do recibo de pago da mesma.

A contía concreta da cobertura requirida por sinistro especificarase nas condicións particulares da autorización

A non acreditación da póliza no prazo antes sinalado implicará sen necesidade dun trámite ulterior, a revogación automática da autorización que quedará condicionada a estes efectos, e a incautación da garantía depositada.

A presentación desta póliza será esixible áinda que o obxecto da autorización consista no manexo en exclusiva de medios mecánicos adscritos ou da propiedade de Portos de Galicia ou doutra Administración que ostente competencias na materia.

20ª.- Todo o persoal necesario para o desenvolvemento das actividades obxecto da autorización será por conta e a cargo do titular, que deberá de cumplir as obrigas que lle impón a lexislación vixente en materia laboral, de prevención de riscos laborais e de seguridade social.

21ª.- O persoal que dirixa e execute as operacións de manexo dos medios mecánicos haberá de ter perfecto coñecemento das características do traballo a desenvolver, dos elementos que empregue, tanto propios como do porto, e os utilizará con suxección a normas estritas de seguridade e contará con habilitación específica para o manexo dos medios mecánicos, requisito este último esixible se é o caso.

Desenvolvemento das operacións.

22ª.- A relación ordinaria entre o titular da autorización e Portos de Galicia, necesaria para o desenvolvemento das operacións previstas neste prego, establecerase a través das Xefaturas de Zona de Portos de Galicia de maneira directa ou, de ser o caso, a través dos celadores gardapeiraos.



Cando o titular da autorización sexa unha persoa xurídica, designará un representante que efectuará as labores de relación ordinaria e de representación ante Portos de Galicia para canto se derive da presente autorización.

As empresas autorizadas deberán observar, coa maior escrupulosidade, o regulamento de servizo, policía e réxime dos portos, así como cantas ordes e instrucións de explotación lles remitan as Xefaturas de Zona directamente ou a través dos celadores gardapeiraos. Deberán comunicar calquera infracción ou deficiencia que se puidera apreciar, así como calquera anomalía ou incidencia que entorpeza o desenvolvemento das operacións portuarias.

23ª.- Calquera servizo portuario que o titular da autorización desexe recibir, deberá de ser solicitado de acordo coa normativa vixente e lle será liquidado aplicando as taxas portuarias en vigor.

24ª.- Os titulares das autorizacións comprométense a facilitar a Portos de Galicia toda aquela información que lles sexa requirida polo mesmo en relación coa realización da actividade, e, en concreto, cando desenvolvan as súas actividades con finalidade comercial, comprométense a comunicar a Portos de Galicia, antes do 31 de xaneiro de cada ano, o importe neto anual da cifra de negocio desenvolto ao amparo da autorización.

25ª.- Cando as empresas autorizadas desenvolvan a súa actividade con finalidade comercial, desglosarán na súa facturación a clientes os cargos por servizos propios e os que lle presta Portos de Galicia ou outros terceiros, ben en xestión directa ou indirecta, axustándoo aos conceptos e nomenclatura que figuren nas correspondentes taxas e tarifas, e conservando os duplicados de forma que poidan ser inspeccionados e contrastados por Portos de Galicia en todo momento, a requirimento deste.

26ª.- Sendo a organización e dirección dos traballos obxecto do presente prego de responsabilidade exclusiva da empresa autorizada, esta será tamén responsable, durante a realización das operacións, de tódolos equipos, elementos ou mercadorías que manipule.

Así mesmo, será responsable de calquera danos ou prexuízos causados a persoas ou cosas, sexan de titularidade pública ou de terceiros, debido ao exercicio da súas actividades así como as súas omisións ou neglixencias no dito exercicio.

Serán tamén responsables ante Portos de Galicia, de calquera avaría, perda ou deterioro que se produza nos equipos ou instalacións desta por causa de neglixencia, accidente ou inobservancia das regras de seguridade vixentes.

27ª.- As empresas autorizadas poderán utilizar na realización das operacións, os medios mecánicos propostos na súa solicitude ou aqueles que se incorporen con posterioridade e sexan autorizados por Portos de Galicia, conforme ás condicións que se inclúen a continuación:

a) O uso destes medios mecánicos e en particular das grúas, non implicará en ningún caso preferencia de atraque nin utilización exclusiva dos peiraos.

b) A empresa autorizada deberá presentar ante Portos de Galicia, previamente a súa entrada en servizo, os certificados de conformidade dos medios mecánicos que se autoricen. En concreto e no que se refire ás grúas, aportaranse os certificados correspondentes ás probas dos apartados de izado, accesorios de manipulación e cargas de prueba dos ditos elementos, todo isto para os efectos das homologacións legais que procedan. A presente obriga non alcanzará aos certificados e homologacións iniciais cando se trate de medios mecánicos da propiedade de Portos de Galicia, pero si a aqueles que se demanden con posterioridade.

c) A empresa autorizada será a responsable de manter os elementos mecánicos en perfectas condicións de utilización, de forma que se garantise a seguridade das operacións. A tal efecto, deberanse realizar as inspeccións anuais de todos os seus elementos de seguridade, así como do estado da súa estrutura, mecanismos e demás dispositivos, efectuadas por unha entidade independente e debidamente homologada para o medio mecánico e o tipo de actividade de que se trate, debendo presentar unha copia das mesmas ante Portos de Galicia.

O deber de conservación de tódolos medios mecánicos alcanzará ao estado de limpeza, engraxe e pintura.

28ª.- Os equipos e maquinaria que empregue o titular da autorización, tanto si é da súa propiedade como se dispón del por calquera título xurídico de cesión que lle atribúa a súa disposición, haberá de cumplir as seguintes condicións:

a) Tódolos equipos auxiliares de carga como cadeas, ganchos, balancíns, etc..., deben ter un certificado de empresa oficial de calidade do seu bo estado e aptitude para traballar coa súa carga normal.

c) As tolvas utilizadas deberán contar con rodas e neumáticos para a súa traslación, prohibíndose o uso de rodas metálicas.

d) As instalacións eléctricas da súa maquinaria deben estar visadas e autorizadas polo órgano competente da Consellería de Industria.

e) Toda a maquinaria debe cumplir a regulamentación vixente sobre seguridade no seu funcionamento, e dispoñer de seguro en regra cando este requisito sexa legalmente esixible.

f) As empresas quedan obrigadas a realizar anualmente tódalas inspeccións dos elementos dos seus equipos e maquinaria que afecten á seguridade dos mesmos, conforme ao que dispoña a regulamentación vixente. Estas inspeccións realizaranse por entidades de control debidamente homologadas e o informe do seu resultado remitírase a Portos de Galicia no primeiro mes de cada ano. De non facelo así, Portos de Galicia ordenará a inmediata retirada do servizo da maquinaria e equipos que incumpran este requisito.

29ª.- Todo o equipo do que dispoña o titular da autorización, sexa da súa propiedade, alugado ou suxeito a outro réxime de cesión, con inclusión por tanto dos medios mecánicos expresamente autorizados e de todo o material auxiliar preciso para o desenvolvemento da actividade, estarán marcados cos nomes, iniciais o distintivos do seu propietario ou usuario e, deberán levar nun sitio visible as características de tara e de potencia e capacidade de carga.

Calquera maquinaria ou obxectos que, a xuízo dos responsables técnicos de Portos de Galicia non se atopara nas condicións útiles para o servizo ao que se destine, será retirado pola empresa propietaria. De non facelo no prazo que a tal efecto se lle indique, Portos de Galicia procederá á execución subsidiaria da dita retirada a cargo da empresa, sen prexuízo da sanción que proceda, e da posible incoación de expediente de caducidade da autorización.

Portos de Galicia poderá ordenar as reparacións pertinentes da maquinaria se a mesma, a xuízo de técnicos competentes e por non atoparse en perfectas condicións de utilización, constituíuse un perigo ou molestia para os usuarios do porto; o incumprimento desta condición, sen prexuízo das sancións administrativas que puidera levar aparellado, poderá motivar a incoación de expediente de caducidade da autorización.

En calquera caso, Portos de Galicia non será responsable do deterioro ou merma da maquinaria, materiais ou útiles que se atopen na zona de uso da instalación.



30ª.-Toda a maquinaria, equipos e o material auxiliar, ao marxe de que segundo os casos requirán o correspondente título administrativo que habilite a ocupación do dominio público portuario, ubicarse naqueles lugares que figuren expresamente determinados nas condicións particulares da autorización, ou os que, de sero caso, sexan sinalados en base a criterios de explotación portuaria polas xefaturas de Zona directamente ou a través dos celadores gardapeiraos.

Aqueles equipos que se atopen fóra deses emprazamentos poderán ser obxecto de retirada e traslado polas Xefaturas de Zona, sendo preciso para a súa devolución o aboamento dos gastos de retirada e traslado, e sen prexuízo de pararle outras consecuencias previstas na normativa de aplicación.

De ser o caso, a ubicación da instalación, o trazado, características e superficie correspondente á instalación da acometida de subministración de enerxía eléctrica para o medio mecánico, será o que se especifique de maneira expresa nas condicións particulares da autorización, se ben, poderá ser modificada a criterio da Xefatura de Zona correspondente tendo en conta razóns de explotación portuaria.

31ª.- Aqueles elementos mecánicos que non se atopen operativos, deberán situarse nas zonas de estacionamento que establezan as Xefaturas de Zona. As operacións de mantemento e/ou reparación destes elementos realizaranse nestas zonas, evitando en todo momento que se produzcan molestias ou entorpecemento para as operacións portuarias ou para o depósito das mercadorías.

32ª.- O titular da autorización estará obrigado a conservar en bo estado o pavimento e demais elementos de Portos de Galicia situados na zona de uso e movemento dos medios mecánicos, así como velar polas axeitadas condicións de hixiene, limpeza, seguridade e medio ambiente. Caso de non facelo así, Portos de Galicia poderá ordenar as obras de reparación e conservación que sexan necesarias con cargo ao titular da autorización.

O anterior se entende sen prexuízo das sancións que puideran corresponder, e no seu caso, da incoación de expediente de caducidade da autorización.

33ª.- Portos de Galicia regulará as condicións de calidade e medio ambiente das operacións realizadas polos titulares das autorizacións na zona portuaria, mediante instrucións técnicas ou outros procedementos normativos.

Como normas xerais relativas á calidade do servizo e protección do medio ambiente, os titulares autorizados:

- 1 Cumprirán, como mínimo, a lexislación ambiental vixente.
- 2 Aportarán, cando se lles esixa, as evidencias do cumprimento da lexislación ambiental (ensaios u outro tipo de rexistros dos controis efectuados), e remitirán canta documentación lles sexa requirida a estes efectos.
- 3 Atenderán inmediatamente as instrucións que en cada momento dite Portos de Galicia para garantir a protección medioambiental e a calidade das operacións.
- 4 De maneira voluntaria, cando dispuxeran dun plan de xestión de calidade e estiveran obrigados a presentar o plan de continxencias medio ambientais, segundo a normativa correspondente, executarán as accións preventivas definidas nos seus sistemas integrados de xestión da calidade e do medio ambiente, incluirán nos mesmos as instrucións técnicas de Portos de Galicia e calquera outra normativa reguladora da actividade, e enviarán a Portos de Galicia unha copia das auditorías periódicas que se realicen no sistema, se é o caso, integrado de xestión.

5 No caso de que se produzcan residuos perigosos, estarase ao disposto na lexislación vixente de aplicación, asumindo a xestión dos mesmos en base ao disposto na devandita lexislación e na normativa técnica que Portos de Galicia desenvolva ao respecto.

6 Aportarán o plan de emerxencia aplicable ao desenvolvemento da súa actividade que no seu se integrará co plan ou plans efectuados por Portos de Galicia.

8 A xestión da calidade establecida pola empresa para as súas actividades, deberá garantir a transmisión das normas establecidas por Portos de Galicia a terceiros vinculados coas súas actividades, como poden ser empresas de transporte, de reparacións, de control, de xestión de residuos e en xeral, de calquera outra actividade relacionada coa empresa na zona de servizo do porto. nembargante, a comunicación das normas non libera á empresa prestataria das súas responsabilidades polo incumprimento, por parte de terceiros ao seu cargo, das normas establecidas por Portos de Galicia.

34ª.- As empresas autorizadas deberán manter operativo en todo momento o sistema de prevención de riscos laborais. En cumprimento do disposto na Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais e demás normativa de desenvolvemento, elaborarán toda a documentación relativa ás obrigas que lles impón a dita lexislación, documentación que deberán conservar a disposición da autoridade laboral, así como de Portos de Galicia.

A acción preventiva deberá comprender tódolos traballos, de calquera natureza, desenvoltos pola empresa na zona de servizo do porto. Así mesmo, nos termos que corresponda segundo a lexislación de prevención de riscos laborais, a acción preventiva da empresa deberá de estenderse aos traballos que desenvolván na zona de servizo do porto terceiros vinculados de forma permanente ou temporal á súa actividade, como empresas de transporte, reparacións, control e en xeral, calquera outras relacionadas coa dita actividade.

35ª.- Sen prexuízo do exposto nas anteriores condicións 33ª e 34ª, a empresa autorizada estará obrigada ao cumprimento das disposicións vixentes, segundo os casos, en materia de prevención de riscos laborais e en sistemas de seguridade en xeral que lles resulten aplicables.

36ª.- Naqueles portos afectados polo Código Internacional para a protección dos buques e instalacións portuarias (CÓDIGO PBIP) adoptado pola Conferencia Diplomática sobre Protección Marítima celebrada en Londres en decembro do 2002 e trasposto á normativa comunitaria polo regulamento CE nº 725/2004, observaranse igualmente as prescripcións contidas nos respectivos plans de protección das instalacións portuarias, e as instrucións que en aplicación do mesmo sexan impartidas polos oficiais de protección das citadas instalacións.

Extinción da autorización.

37ª.-A presente autorización extinguírase polas seguintes causas:

- a) Vencemento do prazo de outorgamento.
- b) Revisión de oficio nos supostos establecidos na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- c) Renuncia do titular.
- d) Mutuo acordo entre Portos de Galicia e o titular da autorización.
- e) Disolución ou extinción da sociedade titular da autorización agás nos supostos de fusión ou



escisión. No suposto de que a sociedade autorizada incorra en situación legal de suspensión de pagos, virá obrigado a efectuar o depósito previo do importe dos servizos que a partires dese instante solicite a Portos de Galicia. En caso contrario, denegaráselle a prestación daqueles servizos.

f) Revogación.

g) Caducidade.

h) Extinción ou perda das licencias, permisos ou autorizacións que sexan legalmente preceptivas para o desenvolvemento da actividade.

i) Extinción do título de ocupación demanial ao que se refire a condición 5^a.

38^a.- Serán causa de caducidade da autorización:

a) O non pago de dúas liquidacións consecutivas en concepto de taxa polo desenvolvemento da actividade.

Para iniciar o expediente de caducidade será dabondo que non se tivera efectuado o ingreso en período voluntario. Unha vez iniciado, poderase acordar o seu arquivo si antes de ditar resolución se produce o aboamento do adebedado no procedemento de constrinximento, e se constitúe a garantía que ao respecto fixe Portos de Galicia.

b) Falta de actividade durante un período de seis meses, agás que, a xuízo de Portos de Galicia obedeza a xusta causa.

c) Desenvolvemento da actividade en portos distintos dos recollidos na autorización.

d) Desenvolvemento de actividades que non figuren no obxecto da autorización.

e) Cesión total ou parcial a un terceiro do uso sen autorización de Portos de Galicia.

f) Transferencia sen autorización de Portos de Galicia.

g) Non reposición ou complemento da garantía, previo requerimento de Portos de Galicia.

h) A comisión de feitos que teñan a consideración de moi graves en función da lexislación sancionadora aplicable ou a reincidencia en feitos que teñan a consideración de graves.

i) Incumprimento doutras condicións que prevexan expresamente a súa inobservancia como causa de caducidade da autorización.

39^a.- Extinguida a autorización, Portos de Galicia non asumirá ningún tipo de obriga laboral, económica, contractual ou de calquera outra clase que tivera contraída o titular da autorización.

40^a.- En todo o non previsto nas anteriores condicións 37^a á 39^a, estarase ao disposto na normativa que regula a utilización e explotación do dominio público portuario.

Disposiciones Finais

1^a.- De acordo aos principios de obxectividade e proporcionalidade, e, en calquera caso, sempre que veña imposto por normativa de aplicación, Portos de Galicia poderá modificar as condicións impostas aos titulares desta autorización, previa audiencia dos interesados, cando se modifiquen as condicións do presente prego regulador. A modificación establecerá un prazo para que os titulares se adapten ao nela disposto. Transcorrido o dito prazo sen que teña lugar a adaptación, as autorizacións quedarán sen efecto.

2^a.- As autorizacións poderán transmitirse a persoas distintas daquelas ás que foron orixinariamente outorgadas, cando se dean conxuntamente as seguintes circunstancias:



a) Que a transmisión se faga a favor dunha persoa física ou xurídica que cumpra os requisitos sinalados neste prego para ser titular dunha autorización.

b) Que se cumpran os requisitos previstos para a transmisión do título de ocupación do dominio público, cando a autorización de actividade se atope incorporada ao título de ocupación demanial.

3ª.- As reclamacións sobre aplicación ou interpretación deste prego, agás as reclamacións relativas á aplicación das taxas, serán resoltas polo Presidente de Portos de Galicia, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

As reclamacións relativas á aplicación de taxas serán resoltas pola Dirección de Portos de Galicia e serán recorribles na vía económico-administrativa.

4ª.- Portos de Galicia procederá de oficio a remitir a todas aquellas persoas físicas ou xurídicas que na data de aprobación do presente prego estean a desenvolver a actividade de posta a disposición ou de mero manexo de medios mecánicos suxeito ao seu ámbito de aplicación, e que teñan a intención de continuar con esta actividade, un exemplar do mesmo acompañado das condicións particulares que sexan de aplicación, co mandato expreso de que procedan a remitir nun prazo máximo dun mes, unha solicitude formal acompañada da documentación preceptiva. As empresas que se atopen nesta situación, disporán dun prazo máximo de dous meses a contar dende a data da aprobación do prego para adaptarse as súas disposicións.

5ª.- Se a adecuación no se tivera producido no prazo sinalado, Portos de Galicia poderá prohibir o desenvolvemento de actividade que se viñera efectuando ata a data.

6ª.- Este prego de condicións será de aplicación dende o día seguinte ao da publicación do Acordo de aprobación polo Consello de Administración de Portos de Galicia no Diario oficial de Galicia.

7ª.- Serán de conta dos titulares autorizados todos os gastos que se ocasionen con motivo desta autorización.